



CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: venres 28 de xullo de 2023

Hora: 20:00

Lugar: SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

1. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Prezo Público pola asistencia o Programa de Servizo de Madrugadores/as . Expediente Nº: 2023/G015/00000.

DA COMISIÓN DE PRESIDENCIA, SERVIZOS SOCIAIS, BENESTAR SOCIAL, SANIDADE E IGUALDADE

2. Proposta da alcaldía relativa a concesión do título de FILLO PREDILECTO do Concello de Cee ó Dr. FRANCISO JAVIER BLANCO GARCÍA. Expediente Nº 2023/X999/000197.
3. Proposta da alcaldía relativa a concesión de MEDALLAS DO CONCELLO DE CEE. Expediente Nº 2023/X999/000201.
4. Proposta da alcaldía relativa a modificación da Relación de Postos de Traballo: Posto CÓDIGO 02.01.01. Expediente Nº 2023/E004/000001.
5. Propuesta de la Alcaldía relativa a la elección del Ayuntamiento de Cee como representante en el Consejo Territorial de la Propiedad Inmobiliaria. EXPEDIENTE Nº: 2023/X999/000208.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E SEGUIMENTO DO PXOM.

6. PROPOSTA ALCALDÍA relativo a Reversión a favor do Concello de Cee do inmovible sito na Praza da Constitución N.º 20 denominado Escola de Música cedido gratuitamente por acordo Plenario de data 26/06/2020 e aceptado mediante Orde do 14/09/2020 pola Consellería de Facenda e Administración Pública a instancia de dito organismo. EXPEDIENTE MUNICIPAL Nº: 2020/X999/000045. EXPEDIENTE ORGANISMO REMITENTE: REV/2022/0002.



DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS

7. Proposta da alcaldía relativa á cesión do contrato administrativo: CONCESIÓN DA EXPLOTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES DE CEE. EXPEDIENTE Nº: 2021/X999/000158.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

8. Dar conta das Resolucións da alcaldía: Nº 555/2023 de data 23 de xuño a Nº 668/2023 de data 21 de xullo de 2023.
9. Mocións de urxencia.
10. Rogos e Preguntas.

SEGUNDO

Se informa, aos efectos oportunos, que de conformidade co artigo 16.3 do ROF: *Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han de servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.*

TERCEIRO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano Colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

CUARTO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.